

**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO  
PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA  
DO SERVIZO DE VIXIANCIA, SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA  
FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas do día 2 de marzo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE VIXIANCIA, SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMES.** .

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**José M. Miñones Conde**, Alcalde do Concello de Ames e Responsable da Área de Reforma Administrativa.

**Vogais:**

**Luisa Carlota Díaz Tomé**, Secretaria accidental do Concello de Ames.

**Margarita Fernández Sobrino**, Interventora municipal do Concello de Ames.

**Emilio Garrido Moreira**, Auxiliar administrativo do Departamento de Contratación.

**Secretaria:**

**M. Isabel Quintáns Ríos**, Auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A denominado "Documentación Administrativa" presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato do "Servizo de Vixiancia, Socorrismo e Primeiros Auxilios na praia fluvial de Tapia e nas piscinas descubertas de titularidade municipal"

A continuación procédese a apertura do devandito Sobre A denominado "Documentación Administrativa" sendo o resultado o seguinte:

Empresa	CIF	Anexo II	Declaración Acreditativa datos identificativos licitador	Anexo III	Anexo IV	Anexo V
A BILLARDA S.L.	B27278845	SI	SI	SI	SI	SI
EBONE SERVICIOS EDUCACIÓN DEPORTE, S.L.	B73405599	SI	SI	SI	NON	SI
ESPROADE S.L.	B15664816	SI	SI	SI	SI	SI
EULEN, S.A.	A28517308	SI	SI	SI	SI	SI
FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA	G2703737	SI	SI	SI	SI	SI
GALICIA EVENTOS Y OCIO SL	B70517883	SI	SI	SI	NON	NON
SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES S.L.U.	B73589814	SI	SI	SI	NON	SI
SERVIPLUSTOTAL S.L.	B70019294	SI	SI	SI	SI	SI

Tras comprobar a documentación presentada polas empresas licitadoras, cabe mencionar que as empresas *Salzillo Servicios Integrales S.L.U.* e *Ebone Servizos Educación Deporte S.L.* non achegan Declaración de porcentaxe de Subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

En canto a empresa *Galicia Eventos y Ocio S.L.* non achega Declaración de porcentaxe de Subcontratación (Anexo IV) e Certificado sobre traballadores con discapacidade (Anexo V) segundo o establecido nas cláusulas 17.1.4) e 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada, comunicárase aos licitadores interesados para que no prazo de **tres días hábiles** aporten dita documentación, (cláusula 20.3.d) do PCAP).

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior a mesa por unanimidade dos seus membros acorda:

**Primeiro.-** Requerir á empresa *Salzillo Servicios Integrales S.L.U.*, para que no prazo de tres días hábiles aporte a Declaración de porcentaxe de subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**Segundo.-** Requerir á empresa *Ebone Servizos Educación Deporte S.L.*, para que no prazo de tres días hábiles aporte a Declaración de porcentaxe de subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**Terceiro.-** Requerir á empresa *Galicia Eventos y Ocio S.L.*, para que no prazo de tres días hábiles aporte a Declaración de porcentaxe de subcontratación (Anexo IV) e Certificado sobre traballadores con discapacidade (Anexo V), segundo o establecido nas cláusulas 17.1.4) e 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as dez horas e trinta minutos do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

